

Por un mundo máis comprensible.

O Concello de Cangas únese ao Proxecto de Accesibilidade Cognitiva de Autismo Galicia coa colocación de pictogramas nos centros educativos.

Santiago de Compostela. Xuño 2019.


Os centros educativos do Concello de Cangas serán, a partir de hoxe, máis comprensibles para as persoas con Trastorno do Espectro do Autismo.

Autismo Galicia, en colaboración coa **Concellería de ensinanza e deporte dirixida por Xoán Carlos Chillón Iglesias**, leva a cabo o proxecto de Accesibilidade Cognitiva, cuxa finalidade é a mellora da accesibilidade cognitiva nos centros educativos do Concello mediante a colocación de *pictogramas Arasaac*.

Se leva a cabo nun total de 8 espazos, con máis de cincocentos pictogramas, nos que se atopan o CEIP Nazaret, CEIP A Rúa, CEIP Castrillón, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira de Aldán, CEIP San Roque Darbo, a Escola infantil Galiña Azul de O Hío e a Escola infantil Galiña azul Choupana.

O propósito é facilitar a adaptación, a información e a comprensión do medio ás persoas con autismo e outras persoas con discapacidades cognitivas, persoas maiores, persoas estranxeiras que non falan o idioma, persoas con danos neurolóxicos así coma para poboación en xeral.

Lembramos que as persoas con Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) comprenden mellor a información que se presenta de forma visual. Por iso, para facer a súa contorna máis accesible utilízanse os pictogramas, que son debuxos sinxelos que representan obxectos e accións de maneira simplificada. Estes sistemas de comunicación alternativos supoñen claves visuais claras e seguras que lles sitúan no



espazo e no tempo e anticipánlles os feitos que van ocorrer, o que lles conduce cara a un estado de benestar e seguridade.

Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) – Conxunto amplo de condicións que afectan ao neurodesenvolvemento e ao funcionamento do sistema nervioso, dando lugar a dificultades de comunicación e interacción social, así como na flexibilidade do pensamento e da conducta. A súa prevalenza é de 1 caso cada 100 nacementos. Se considera que hai máis de 450.000 persoas con TEA en España, pero carecemos de datos exactos dado que non existen rexistros de poboación con diagnóstico a ningún nivel (estatal ou autonómico)

Federación Autismo Galicia – Entidade de ámbito autonómico que representa a 14 asociacións do terceiro social promovidas por familiares de persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA). Se crea en 1995, conta con 788 asociados e da servizo a 1.332 persoas con TEA e 5.541 familias

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

www.autismogalicia.org

Rúa Home Santo de Bonaval, 74
Santiago de Compostela
A Coruña / 15703
Teléfono: 981 589 365
Fax: 981 589 344

